

**NOTA DE PRENSA**  
**CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO**  
**ENCUNTROS CULTURAI DA PRIMAVERA.LETRAS GALEGAS 2011**  
**PROGRAMACIÓN TEATRAL. CICLO “ADOLFO MARSILLACH”**

O vindeiro venres día 29 de abril ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a quinta das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera. Letras Galegas 2011 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “MEMORIA DE HELENA E MARÍA” ,da autoría de Roberto Salgueiro (Premio Abrente 2006), a cargo de “TEATRO DO ATLÁNTICO” baixo a dirección de Xulio Lago e interpretada por Lucía Regueiro e María Barcala.

"Fora de Serie". Así é. Atopámonos diante dun texto fora de serie, dándolle a ese enunciado un valor duplo, cando menos:

- a) algo extraordinario, excepcional, moi bo.
- b) algo de difícil catalogación, clasificación, ou etiquetado.

O texto de Salgueiro ha ser capaz de provocármonos milleiros de imáxenes por cada ducia de palabras. Item mais: esas palabras han vir acompañadas de actividade procedente de todos os nosos sentidos e sen que poidamos evitalo imos ser invadidos por sensacións, impresións, emocións inevitábeis, e o odio, o medo, o amor, o desexo de vinganza, a soidade, o sentimento de inmensa felicidade ou de inmenso desamparo han transitar por dentro de nós, espectadores, nesta viaxe intensa e conmovedora que este grande dramaturgo galego nos propón e que comeza no 1937, na guerra civil española, nunha vila galega, e remata co século, logo de que teñamos acompañado ás personaxes ata A Coruña, Sevilla, Montevideo., Caracas, etcétera, para rematar nun lugar e nun espazo misterioso do que non é oportuno falar aquí, de igual maneira que naqueles filmes nos que a sorpresa do inesperado é fundamental para comprometer ao espectador no seguimento da acción.

**Teatro do Atlántico constitúese no ano 1985.** Leva producidos ata o momento 24 espectáculos a partir de textos dos máis importantes dramaturgos do teatro contemporáneo. Ibsen, García Lorca, Fassbinder, Heiner Müller, Ernesto Caballero, Manuel Lourenzo, Roberto Salgueiro ou Sanchís Sinisterra son algúns dos dramaturgos presentes no repertorio da Compañía. O encoro, de Conor McPherson, e A raíña da beleza de Leenane, de Martin McDonagh, "A bombilla máxica", de Woody Allen e "Unha primavera para Aldara", de Teresa Moure son as súas últimas producións. Así como o recital poético-musical Memoria do 36, ao redor da Guerra Civil e a posguerra en Galicia, nun percorrido pola obra dunha vintena de poetas. Aínda que ten a xeografía galega como marco fundamental da súa actividade, realizou xiras por practicamente todas as comunidades autónomas do Estado español, e outras por diversas cidades de Portugal, Arxentina, Uruguai e Venezuela, participando tamén en diversos festivais nacionais e internacionais, presentando os seus espectáculos sempre en lingua galega.

Na súa traxectoria figuran numerosos premios ao mellor espectáculo, mellor actor e mellor actriz principal e secundario, mellor dirección ou mellor escenografía.

As súas producións son representadas por toda Galicia e teñen realizado xiras por case todas as autonomías do estado español e tamén por Arxentina, Uruguai, Venezuela e Portugal, con participación en numerosos festivais nacionais e internacionais de teatro, como o Iberoamericano de Cádiz; o FITEI, de Porto; o Latinoamericano de Córdoba (Arxentina); o Internacional de Caracas (Venezuela); o FESTEIXO , de Viana do Castelo, ou o Festival de Palencia, sendo os espectáculos representados sempre en lingua galega.

María Barcala, Casilda García, Susana Dans e Gonzalo Martín Uriarte recibiron importantes premios de interpretación en papel protagonista por traballos realizados en producións desta compañía, premiada tamén varias veces nos apartados de dirección (Xulio Lago), escenografía (Antonio F. Simón), Actor secundario (Toño Casais) ou Mellor Espectáculo.

Na da Feira de Teatro de Galicia (2005) recibiu o Premio do xurado polo seus espectáculo “O Encoro” e nos María Casares o galardón ao Mellor espectáculo; no ano 2007 o espectáculo “A raiña da beleza de Leenane” recibiu os Premios á Mellor Adaptación, Mellor Dirección e Mellor Espectáculo. No ano 2008, “Unha primavera para Aldara” recibiu sete galardóns: Mellor interpretación feminina, iluminación, Texto orixinal, espectáculo, Vestiario, Escenografía e Dirección.

**Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico** está considerado como un dos mellores directores de escena de Galicia comezando a súa carreira no ano 1970 en Vigo e colaborando a mediados dos anos 80 co Centro Dramático Nacional dirixido por Lluís Pascual en Madrid. No ano 1985 funda a compañía Teatro do Atlántico na Coruña realizando o mesmo tempo traballos para o Centro Dramático Galego, Talía Teatro e o Teatro de Viana do Castelo en Portugal.

Ten traballado como actor en numerosas series televisivas e longametraxes e ten acadado numerosos premios como o Premio Compostela, María Casares e finalista dos Premios da Asociación de Directores de escena de España.

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 4,00 € para público en xeral e 2,00 € para estudantes e maiores de 65 anos.

Culleredo 12 de abril de 2011.

**O CONCELEIRO DE CULTURA**

Asdo.: Celestino Poza Domínguez